

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 20 DE OUTUBRO DE 2009

LICENZAS

FAVORABLES.-

Lic/858/2008.- Manuel María Fernández García.- Rehabilitación dunha vivenda unifamiliar no lugar de Diáns, Santa Cristina de Fecha.

Lic/154/2009.- José Manuel Losada Martínez.- Vivenda unifamiliar no lugar de Torre Branca – Aríns

Lic/1623/2009.- María Cruz Bao Alvarez.- Rehabilitación dunha vivenda unifamiliar na rúa Vite de Abaixo nº 63.

Lic/1628/2009.- Juan José Pose Vázquez.- Rehabilitación dunha vivenda unifamiliar na rúa Vite de Abaixo nº 55.

Lic/1591/2009.- Promociones Falcón Acha, S. L.- Legalización das modificacións executadas nas dúas vivendas unifamiliares levadas a cabo nas parcelas 14 e 15 da rúa das Flores.

AUTORIZACIÓN EN SOLO RÚSTICO.-

Lic/463/2009.- Marcelino López García.- Ampliación de vivenda unifamiliar existente no lugar de Feáns nº 6

DEVOLUCIÓN DE FIANZA.-

1960/2009.- Ramón Quintáns Vilouta.- Expte. Lic/1197/2006 6.000 €.-

OCIHR

CASA DAS MÁQUINAS.- CONCELLO DE SANTIAGO. - Proxecto básico e de execución de rehabilitación do edificio “Casa das Máquinas” na Rúa Galeras.

5.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbanse axudas por importe de 5.866 euros.

6.- Proposta da concelleira delegada de Cidade Histórica e Rehabilitación relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

Apróbase: tres axudas para locais comerciais de forma definitiva por importe de 20.540,37 euros; 4 axudas para elementos especiais de madeira por importe de 10.233,72 euros; a solicitude do pagamento de axudas para elementos especiais de madeira para 8 vivendas por importe de 28.334,11 euros; unha axuda para o mantemento de edificios da cidade histórica por importe de 1.459,47 euros; 14 axudas definitivas para vivendas dentro da 9ª fase do convenio entre a Consellería de Vivenda o Ministerio de Vivenda e o Concello por importe de 115.868,97 euros; e 3 axudas definitivas para vivendas dentro da 8ª fase do convenio entre a Consellería de Vivenda o Ministerio de Vivenda e o Concello por importe de 20.288,42 euros.

7 a 44.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmoables, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e por servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense os devanditos beneficios.

45.- Reaxuste das anualidades do financiamento das obras de acceso á cidade: Avda. de Castelao.

Acórdase o reaxuste das anualidades como consecuencia da baixa no prazo de execución por parte do adxudicatario pasado de 940.000 euros en 2009 e 2.171.999,99 en 2010 a 580.232 euros en 2009 e 1.739.768 euros en 2010.

46.- Proposta do concelleiro delegado accidental de seguridade cidadá relativa á aprobación do plan de continxencia fronte a pandemia de gripe A.

Apróbase o plan e a creación da Comisión de Seguimento e Coordinación do Plan de continxencia, así como comunicar á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta os datos básicos do devandito plan.

47.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á resolución de concesión de subvencións destinadas ao fomento de actividades educativas. Ano 2009.

Apróbanse subvencións para 43 asociacións por un importe total de 24.500 euros.

48.- Adxudicación provisional das obras de reforzo do firme nas vías públicas de Formarís-Igrexa-Gunin (Enfesta) incluídas no POS 2009 da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa EULOGIO VIÑAL SA, po rimporte de 74.296,50 euros (máis IVE a soportar pola Administración).

49.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á designación de arquitecto supervisor das obras de execución do proxecto de urbanización do solo urbanizable non programado número 5 (SUNP-5). A Muíña.

Noméase a Enrique Seoane Prado como arquitecto responsable das devanditas obras.

50.- Prórroga do contrato de Servizo de desratización e desratonización no termo municipal de Santiago.

Prorrógase por un ano, ata o 27 de outubro de 2010, o contrato de referencia subscrito coa empresa ARUMIA, SL. por importe de 27.053,04 euros.

51.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación do Subministro de instrumentos para a Escola Municipal de Música.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 37.241,38 euros.

52.- Subministro de cámaras de video e fotos, pantallas de videoproxección, proxectores e televisores para o Centro Xove de Creación Cultural.

Adxudícase o subministro á empresa DAVIÑA DIVISIÓN COMERCIAL, SL, or importe de 17.998,97 euros.

53.- Adxudicación definitiva do contrato de obras de urbanización exterior do centro social de Figueiras.

Adxudícase definitivamente o contrato de referencia á empresa BELYP A, SL por importe de 120.050 euros (máis IVE a soportar pola Administración).

54.- Adxudicación definitiva das obras de demolición parcial de edificación situada en Marco de Covas nº 26, Correxíns-Figueiras.

Adxudícase definitivamente o contrato de referencia á empresa ESBEAL SL, por importe de 54.851,66 euros.

55.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello e a Asociación Galega de Espiña Bífida e Lesionados Medulares, ano 2009.

Apróbase o convenio por importe de 2.200 euros.

56.- Proposta da concelleira delegada de Cultura e Centros Socioculturais relativa á aprobación do Convenio de colaboración cultural entre o Concello e a sala Capitol, ano 2009.

Apróbase o convenio por importe de 25.000 euros.

57.- Aprobación da liquidación das festas da Ascensión 2009.

Apróbase a liquidación cun resultado negativo de 2.542,95 euros.

58.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación das Bases e orzamento da XV Edición do premio literario Ánxel Casal de teatro, poesía e conto.

Apróbanse as bases e un orzamento global de 8.097 euros.

59.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade relativa á aprobación do proxecto do III Plan de Igualdade do Concello de Santiago, 2009/2011.

Apróbase o devandito proxecto.

60.- Dar conta da concesión da subvención da Xunta de Galicia ao Concello para o mantemento da Escola Municipal de Música.

Dáse conta dunha subvención por importe de 8.823,30 euros.

61.- Dar conta da sinatura de diversos convenios reguladores das subvencións nominativas para o ámbito cultural do ano 2009.

Dáse conta da sinatura dos convenios coas seguintes entidades: Sala Nasa, Fundación Torrente Ballester, Asociación Cultural e Tempo Libre de Novo Circo e Cabaret Galega, Asociación do Traxe galego, Museo do Pobo Galego, Fundación Rosalía de Castro, Asociación Cultural Musical Solfa, Conservatorio de Música Tradicional e Folque, Asociación Cultural o Galo, Asociación Cultural Barriga Verde, Fundación Vía Galego, Asociación Cultural Cidade Vella e Federación de Libreiros de Galicia.

URXENCIAS

1.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación do convenio entre o Concello e a agrupación deportiva El Correo Gallego para a XXXII edición da carreira pedestre popular.

Apróbase a sinatura do devandito convenio para o desenvolvemento da Carreira Pedestre Popular "Camiño de Santiago", prevista para o domingo 25 de outubro, polo que o Concello achega 20.000 euros.

2.- Proposta da concelleira delegada de Réxime Interior relativa á dotación provisional de dous auxiliares administrativos para Intervención.

Apróbase a dotación, con carácter provisional, de dous/dúas auxiliares administrativos/as na Intervención municipal ata o 31 de decembro.

3.- Propostas da concelleira delegada de Rehabilitación relativas á modificación dos pregos de cláusulas administrativas que rexen dúas contratacións de obras.

Acórdase a modificación dos pregos de cláusulas administrativas que rexen as licitacións das obras de reurbanización do Campo e Costa do Cruceiro do Gaio e das obras de reurbanización da rúa San Clemente (2º tramo da rúa Raxoi), eliminando a esixencia como requisito mínimo de solvencia de estar en posesión dos certificados ISO 14001:2004 e ISO 9001:2000, e ábrese un novo prazo para a presentación de ofertas.

4.- Solicitude de prórroga da remisión da documentación xustificativa de adjudicacións definitivas de varias obras incluídas no POS 2009 da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Acórdase solicitar á Deputación da Coruña unha prórroga do prazo para a aportación da documentación xustificativa da adjudicación definitiva das obras de reforzo do firme das vías

públicas en Torreblanca, Bornais, Eixo de Abaixo e Formarís-Igrexa-Gunín (Enfesta) por mor das baixas temerarias que se produciron nalgunhas licitacións e a imposibilidade material de realizar en prazo (1 de novembro) os informes técnicos tendentes á adxudicación das mesmas por parte do persoal municipal ante o cúmulo de procedementos postos en marcha a raíz do Plan Estatal de Inversión Local.

5.- Solicitude á Concellería de Facenda do pago dunha achega económica consignada nos orzamentos de 2009.

Acórdase solicitar á Consellería de Facenda da Xunta o pago do resto da achega económica consignada nos orzamentos do ano 2009 a favor do Concello correspondente ao financiamento previsto no exercicio 2009 en desenvolvemento do establecido no estatuto de Capitalidade. Solicítase que os pagos se realicen do seguinte xeito: 1.192.500 euros antes do 30 de novembro de 2009 e 1.192.500 euros antes do 20 de decembro de 2009.